





Ola, son **Francisco Armesto Ramón**
e o 20 de abril de 2012 estarei na Biblioteca Central Rialeda
para falar sobre
“A auga é para mollarse”
nesta sinxela guía podes consultar algúns libros que a
biblioteca seleccionou para ti relacionados con esta
charla científica.



“A auga”, de Valeria Martínez Ropero

Este libro inórfmanos de todo aquilo que ten que ver coa auga: características físico-químicas, propiedades, distribución da auga na Terra e no espacio, a auga como recurso, contaminación, tratamento e depuración, e a auga na tradición popular; aí vai unha: *en abril, cada pingueira vale por mil.*



“Física&agua”, de Oriol Nos

En 1781 descubriuse que a molécula de auga está formada por dous átomos de hidróxeno e un de osíxeno. É a única substancia que se pode encontrar na natureza en estado sólido, líquido e gaseoso. Este libro explícase como poderás elaborar un reloxo de auga, un esprai para pintar, un batán, burbullas decorativas, un nivel, un submarino, etc.

“Aire, auga, calor e enerxía” de Barbara Taylor e Nigel Hawkes

Xa case un “clásico” das obras de divulgación da Biblioteca Compás que sigue amosando a súa valía. Sabías que as persoas bebemos un promedio de 60.000 litros de auga durante a nosa vida?, que para producir un litro de leite as vacas teñen que beber catro litros de auga?, que o mar contén o sal suficiente para cubrir a Terra cunha capa de 153 metros de espesor?





“Agua: proyectos con vapor y soluciones” de Steve Parker

Este é o libro axeitado para pasalo xenial experimentando con ese líquido que o rodea todo: poderemos construír un iceberg, un sinxelo hidrómetro, un peixe flotador, unha depuradora, pintar unha flor, un buzo, un elevador hidráulico, unha turbina ou un barco a motor. Sabías que en 1996 científicos da NASA anunciaron que había auga na Lúa, conxelada dentro das pedras?

“H₂O: una biografía del agua” de Philip Ball

Philip Ball, químico e doutor en física da Universidade de Bristol, editor da revista científica *Nature*, ofrécenos esta *biografía* na que están presentes cada unha das etapas do ciclo hidrolóxico, sen o cal sería imposible a vida na Terra. E moito máis: un percorrido pola historia da auga, a través da ciencia, a química, a física, o folclore, a bioloxía molecular, a ecoloxía, a literatura, etc. Un ensaio moi interesante, desde as orixes da auga no Big Bang ata o seu presente como artigo de luxo occidental.



“Cuentos del mundo del agua”, editora Sascha de Graaf

Todas as historias que contén este libro son pingas dun gran río ou dunha gran nube que amosan a importancia da auga; 41 relatos divertidos ou tristes que reflicten a relación de homes e mulleres co líquido esencial. Para reflexionar: *Calquera persoa dos países en vías de desenvolvemento usa 10 litros de auga ao día. No Reino Unido cada persoa gasta 135 litros de auga nese mesmo tempo.*

“O libro da auga” de Xosé Chao Rego

O escritor e pensador galego Xosé Chao presenta esta completa obra para documentarnos sobre todo o que se refire á auga no mundo e ao longo da historia; a auga no mundo mitolóxico e nos ritos máxicos e relixiosos; a auga como fluído esencial no corpo humano, a que proporciona vida na agricultura, fai mover a industria, e as medidas que deben tomarse para conservar este prezado recurso da vida.



“Elogio del agua” de Alain Gaulina

Fermoso libro con estupendas fotografías. O seu autor fai un percorrido polos cinco continentes para amosar a poesía que existe en cada gota dun dos máis estimados bens que nos proporciona a natureza. A xestión da auga no noso planeta vai ser o desafío capital para a humanidade se queremos seguir habitando o planeta Terra.